

Declaración do Consello Asesor do Igadi a propósito de Lois Tobío

1.

O Consello Asesor dóese do falecemento de Lois Tobío, diplomático e galeguista, que apoiou con entusiasmo esta iniciativa dende os seus comezos, co propósito de afincar na nosa Terra un espacio de reflexión e de encontro para pensar o mundo desde aquí e proxectar a Galicia no exterior. Lois Tobío formou parte deste organismo dende a súa creación.

2.

O Consello Asesor expresa este seu pesar a familiares e amigos, a todos os que compartiron a súa entrega ás causas do País, ó engrandecemento da nosa dignidade colectiva, sempre inspiradas nunha actitude humana e intelectual de afecto e rigor, elementos ambos os dous sen os que resulta imposible comprender a súa traxectoria persoal e vital.

3.

Resaltamos igualmente o elevado valor das súas contribucións, tanto no ámbito estritamente investigador (as súas aportacións sobre a figura do Conde de Gondomar son en extremo valiosas), no político (Anteprojecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, Consello de Galiza, I Congreso da Emigración Galega), no cultural (Seminario de Estudos Galegos), no xornalístico (cunha hemerografía que recolle diferentes medios e plataformas), ou no campo da tradución (de Goethe a Rilke, pasando por Heller). Todas son, inseparables unhas de outras, as dimensións dunha personalidade excepcional que en todo tempo e circunstancia soubo conciliar á perfección a súa condición de cidadán de mundo co seu ser galego, bo e xeneroso.

4.

O Consello Asesor do Igadi anima á sociedade galega a seguir o seu exemplo universalista e a manter vivo o seu ideario. A tal efecto, decide crear o **Premio Lois Tobío**, consistente nunha **Beca de Investigación** destinada a estimular os estudos internacionais e a investigación histórica e contemporánea sobre aspectos relacionados coa proxección exterior de Galicia.

En Baiona, a 26 de abril de 2003.